

# 4

## Obxectivos desta unidade

- Expresar e preguntar por gustos
- Pedir e ofrecer información sobre prezos e formas de pagamento
- Pedir permiso para facer algo en situacións cotiás

# Acáeme ben?

## Coñecemento do código

- Os alimentos e as bebidas
- As pezas de roupa
- As cores
- A formación de plural
- Os demostrativos (I)
- O presente de indicativo do verbo PODER
- O pronome persoal átono (I e II)
- As consoantes: c, z, qu



## ACTIVIDADE INTRODUTORIA

## 1. HOXE IMOS XANTAR NO RESTAURANTE BOA VISTA

A. Bótalle un ollo ao cartel do menú e intenta relacionar cada prato co debuxo correspondente.

COMIDAS

ALMORZO  
PARVA  
XANTAR  
MERENDA  
CEA

## RESTAURANTE BOA VISTA

## MENÚ DO DÍA

## PRIMEIRO

Caldo galego

Lentellas

Friames variados  
(xamón curado, xamón doce, chourizo e salchichón)

Ensalada mixta  
(leituga, tomate, cebola, cenoria, soia e olivas)

Revolto de ovo con cogomelos

## SEGUNDO

Polbo á feira

Xoubas con cachelos

Pescada cocida con legumes

Filete de tenreira á prancha con ensalada rusa

Cordeiro ao forno con patacas fritidas

## SOBREMESA

Peza de froita (mazá, laranxa, plátano, kiwi ou pera)

Torta de queixo

Arroz con leite

Iogur (natural ou de sabores)

Biscoito de chocolate caseiro

\*\*\*

Pan, auga, refrescos,  
cervexa ou copa de viño (tinto ou branco)





**B. Probaches algunha destas comidas? Gustáronche? Comentádeo en pequenos grupos e logo contrastade os vosos gustos co resto da clase. Podedes empregar as seguintes estruturas:**

Gústame a comida picante	Non me gusta a comida eslamiada	Gústache a comida salgada?
A min tamén 😊	A min si 😊	A min si 😊
A min non ☹️	A min tampouco ☹️	A min non ☹️
Eu nunca a probei		

—Gústavos o polbo á feira?

😊 A nós tamén.
☹️ Pois a min non.

☹️ A nós tampouco.
😊 A min si.
☹️ Eu nunca o probei.

**C. Agora le este diálogo e fíxate nas formas que aparecen máis marcadas.**

Pronome persoal átono (I)		
	feminino	masculino
singular	a	o
plural	as	os



Eu son vexetariana.

Entón, nunca comes carne?

E comes ovos?

Non, non a como.

Si, cómoos.



Seguindo o modelo anterior, pregúntalle ao teu compañeiro ou compañeira se come algunha destas cousas: peixe, algas, riles, soia, lingua...

2. A. Aquí tes a túa listaxe da compra. O problema é que o teu pai acaba de chamarte ao móbil para dicirche que ides ser o dobre de persoas para xantar. Modifica a túa listaxe coa axuda do cadro de abaixo e pon o dobre (x 2) da cantidade de cada alimento:

Unha bola de pan	Dúas bolas de pan
Un zanco de polo	.....
Unha coliflor	.....
Unha cenoria	.....
Un salmón	.....
Un ananás	.....
Unha porción de torta de Santiago	.....
Unha noz	.....
Un milfollas	.....
Un pastel de nata	.....
Unha botella de viño	.....
Un paquete de panos de mesa	.....

**FÍXATE:** os modificadores non varían:

Pastel de verduras /  
pasteis de verduras

Xeado de chocolate /  
Xeados de chocolate

B. Agora completa o cadro e saberás como se forman os plurais en galego:

### O plural

As palabras rematadas en vogal ou en ditongo forman o plural engadindo -s:

bola\_  
zanco\_  
botella\_  
cenoria\_  
paquete\_

As palabras rematadas en -r e -z engaden -es:

coliflor\_  
noz\_

As palabras rematadas en -s:

As agudas acabadas en -s forman o plural engadindo -es:  
ananás\_

As graves e esdrúxulas acabadas en -s non cambian:  
milfollas\_

As palabras rematadas en -n engaden -s:  
salmón\_  
porción\_

As palabras rematadas en -l:

Nas palabras agudas de máis dunha sílaba, o -l substitúese por -is:  
pastel\_

As palabras graves engaden -es:  
cóctel\_

**OLLO!!** As palabras que rematan en -z cambian o -z por -c cando forman o plural



Fixate no valor do verbo PODER seguido de infinitivo:

PODER + INFINITIVO expresa posibilidade

—Podemos saír comprar unha auga?

—Si, claro.

**Completa o cadro co presente do verbo PODER**

PODER
Eu .....
Ti .....
El/ela pode
Nós.....
Vós podeades
Eles/elas poden

**C. Estas son algunhas tendas nas que podes atopar os produtos anteriores. Onde podes mercar cada un?**

Na **froitaría** podo mercar: .....

Na **carnizaría** podo comprar: .....


Na **panadaría** podo mercar: .....

Na **pastelaría** podo comprar: .....

Na **peixaría** podo mercar: .....

No **supermercado** podo comprar: .....

**3. Poderías buscarlles a estas palabras os alimentos que mellor lles acaian para facer frases con elas? Fai coma no exemplo.**

bote + de + 

- |              |                |
|--------------|----------------|
| bote.....    | ración .....   |
| lata.....    | porción.....   |
| botella..... | rebanda.....   |
| filete.....  | roda .....     |
| toro.....    | chisco.....    |
| tallada..... | anaco.....     |
| lisco .....  |                |
| litro .....  | cullerada..... |
| quilo.....   |                |

atún



tenreira



pementos



peixe



queixo



xamón



marmelada



farinha



auga



polbo



azucres



torta



sal



tomate



aceite



pan





**4. NA PRAZA DE ABASTOS**

Estas son tres conversas que podes oír a diario no mercado. Escoita a audición con atención e completa os diálogos.



**DIÁLOGO 1**

- ..... o quilo de sardiñas?
- A 4 euros.
- ..... un quilo, por favor?
- Si, claro! .....
- Bóteme dúas máis.

**DIÁLOGO 2**

- Quería unhas cebolas do país.
- .....?
- Póñame... un quilo, máis ou menos.
- .....
- Si, si, así xa está. ....?
- Son 2,50.

**DIÁLOGO 3**

- Quen vai agora?
- Eu. .... os amorodos?
- A caixa de dous quilos a cinco euros, e o quilo a tres.
- Pois dáme logo dous quilos.
- Moi ben. ....?
- Non. .... xa, por favor.

**E para preguntar cantidade...**

- CANTO + verbo
- Canto valen?
- Vinte euros.
- Canto pesa?
- Sete quilos.

CANTO + substantivo

- Canto diñeiro tes?
- Quince euros.
- Cantos rapaces hai na aula?
- Dez.
- E cantas rapazas hai?
- Trece.
- Canta fariña boto?
- Seiscentos gramos.



**5. A RADIO GALEGA ESTIVO ALÍ!**

**A. Esta noite hai unha gala na que se lles entregan premios aos artistas galegos do ano. Escoita a xornalista de A Rosa Terra para saber que roupa e complementos levaba cada un e as súas características. Enche o cadro cos datos que ofrece a reporteira sobre os asistentes á gala:**

Tipos de pezas de roupa	Características



**B. Agora compara o teu cadro co da compañeira ou compañeiro. Como viches, as características fan referencia a diferentes trazos.**

Cal deles se refire ao material do que está feito? ..... E á cor? ..... Ao aspecto ou aparencia? .....

E ao debuxo da tea? .....

**6. IMOS DE TENDAS**

**A. Le con atención os seguintes diálogos.**

—Canto custa/custan?  
—Canto vale/valen?



Amiga 1 —E a ti, cal che gusta máis? **Esta** ou **esa**?  
 Amiga 2 —A min gústame máis esta.  
 Amiga 1 —Pois eu prefiro esa, a vermella de manga curta.  
 Señora 1 —**Este** suadoiro é moi grande. **Ese** é máis pequeno?  
 Vendedor —Si, é un talle menos.  
 Señora 1 —Canto custa? Seguro que é caro, non?  
 Vendedor —Non! É moi barato. Só vale vinte euros.



**B. Completa o cadro dos demostrativos coas formas que aparecen nos textos anteriores:**

Demostrativos		
..... / <b>estas</b> camiseta(s)	..... / <b>estes</b> suadoiro(s)	+ preto da persoa que fala
..... / <b>esas</b> camiseta(s)	..... / <b>eses</b> suadoiro(s)	- preto da persoa que fala

**C. Agora sodes vosoutros e vosoutras quen ides mercar algunha destas camisetas ou suadoiros. En grupos, comentade cal vos gusta máis, as súas características e escollede unha persoa para regalarlla. Botádelles un ollo aos recadros de axuda.**

—A min gústame esa camiseta verde de manga curta para a profesora, pero o talle é grande.

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

TALLE:  
 grande (L)  
 mediano (M)  
 pequeno (P)  
 manga curta  
 manga longa  
 de tirantes  
 colo redondo  
 colo en pico

Esta é barata  
 Ese é caro



## FONÉTICA E ORTOGRAFÍA

## 7. Fíxate ben na pronuncia destas palabras.

## A. Escóita o audio e repite:

c	+ a, o, u	ka	camisola
		ko	colar
		ku	cullerada
	+ i, e	θe	cea
		θi	cinema
z	+ a, o, u	θa	zapato
		θo	zorza
		θu	zume
qu	+ e, i	ke	queixo
		ki	quilo

**B. Maka leva vivindo en Ourense once meses. Isto foi o que escribiu no foro “De tapas por Galicia”. Completa con *c*, *z* ou *qu* o seguinte texto, poñendo atención ao que escoites. Fíxate ben no cadro de arriba.**

En\_ántame vivir a\_\_í! \_ando saio de bares por Ourense, teño un petis\_o de balde con cada \_onsumi\_ión. A\_ostumo fa\_er a mesma ruta: no Centolo dan \_\_eixo do país, ex\_\_isito! Non pode faltar a paradiña no Blanco Amor, onde teñen un xamón \_urado moi bo. E, para tomar un petis\_o \_\_ente, a \_or\_a do \_inco \_uncas, un pou\_\_ño picante, pero \_\_e vai ben cunha \_ervexa fría. E se xa queremos \_ear, na taberna do Xo\_as teñen de espe\_ialidade a empanada de ba\_allau con uvas pasas, unha \_ombina\_ión de sabor do\_e e salgado. Como vou botar de menos as tapas \_ando marche de Gali\_ía!

**C. Completa a serie de palabras que fan referencia a sabores e temperatura co vocabulario que aparece no texto de Maka.**

Sabores: eslamiado, acedo, amargo .....

.....

Temperatura: morno, do tempo .....

.....



GALEGO EN ACCIÓN

8. A. Así está a terraza do restaurante A Queimada cada día. Sabes o que di cada cliente? Dámosche unha axuda: ao final da páxina aparece a información que falta nos globos.

Con + Sen -

Quero a carne **con** patacas. Carne + patacas  
 Prefire o peixe **con** verduras. Peixe + verduras  
 Eu como a ensalada **sen** cebola. Ensalada – cebola  
 Lucía toma o café **sen** azucre. Café – azucre

Moito/a/os/as Pouco/a/os/as

Gústanme os refrescos con **moito** xeo.  
 Pois eu prefiro os refrescos con **pouco** xeo.



—.....  
 .....?  
 —Si, toma.  
 —.....  
 .....?  
 —Agora mesmo.

—E de beber?  
 —.....  
 —.....

—.....  
 .....?  
 —Un momentíño, agora a atendo.

—Aquí teñen a conta.  
 —.....?  
 —Si, sen problema.  
 —.....

—.....?  
 —Pois preferimos bacallau.  
 —.....  
 .....?  
 —Á prancha, por favor.  
 —E vostede?  
 —.....

—Eu non quero beber nada, grazas.  
 —Podo pagar con tarxeta de crédito?  
 —Camareiro, por favor. Pode traernos a conta?  
 —Está todo ben?  
 —De primeiro, que van tomar? Bacallau ou luras?  
 —Moi ben. E como queren o bacallau, á prancha ou cocido con prebe?  
 —Eu para beber quero auga con gas.  
 —Para min bacallau con salsa, por favor.  
 —Non, deixa, que hoxe convidou eu.  
 —Desculpe, pode traerme un coitelo, por favor?  
 —María, podes pasarme o aceite e mais o vinagre?



9. A. Tes unha tenda de roupa e complementos e debes preparar o escaparate para esta tempada. Nós xa che damos as cousas, agora combínaas ti e viste estes manequíns!



.....  
 .....  
 .....  
 .....  
 .....



.....  
 .....  
 .....  
 .....  
 .....



.....  
 .....  
 .....  
 .....  
 .....



.....  
 .....  
 .....  
 .....  
 .....



.....  
 .....  
 .....  
 .....  
 .....

- blusa branca con raias negras
- calcetíns brancos
- chaqueta de traxe
- camisa branca
- camisa de cadros e manga curta
- camisola
- lentes de sol
- camisola verde de manga curta
- reloxo de ouro
- saia negra do talle 44
- pantalón vaqueiro
- colar de perlas brancas
- gravata negra

- pantalóns curtos azuis con petos
- zapatillas amarelas con cordóns verdes
- gorra de cor branca
- xersei vermello de algodón con carapucha
- medias negras
- pantalón gris escuro
- zapatos azuis
- zapatos de tacón negros





## CONTIDO SOCIOCULTURAL

### *Para calidade, Galicia*

En Galicia hai moitos alimentos con sona mundial: o mexillón, a tenreira, os queixos, o mel e incluso un tipo de pan. A garantía da calidade podémola atopar nas **denominacións de orixe (DO)** e nas **indicacións xeográficas protexidas (IXP)**. Estas etiquetaxes clasifícanos como produtos dunha calidade superior, grazas ao lugar en que se producen as materias primas e a como se elaboran.

Os queixos máis coñecidos son o de Arzúa, o San Simón, o de Tetilla ou o do Cebreiro, e para todos eles hai unha feira en que se poden degustar.

A tenreira galega e o lacón galego son dous produtos con IXP e característicos das mesas do noso territorio.

Quizais menos coñecidos son o pan de Cea ou o mel de Galicia, mais xuntos combinan nunha sobremesa moi gorentosa.

Para acompañar estes pratos, a nosa terra produce uns viños con denominación de orixe, como son o viño de Monterrei, Valdeorras, Ribeiro, Rías Baixas e Ribeira Sacra. E, como xeito de rematar un bo xantar, podemos engadirlle ao noso café unhas gotas de augardente.



10. Sabes preparar unha receita con algún destes ingredientes?  
Explícallela aos teus compañeiros e compañeiras.





**11. Este diálogo ten lugar nunha tenda de roupa da vila de Viveiro. Escoita con atención e contesta as preguntas.**

—Que talle de pantalóns busca a cliente?

—Que tipo de camiseta busca? De que cor?

—Que merca finalmente?

—Canto gasta? Como paga a súa compra?

—Ademais da compra, que lle dan na tenda?

# CADERNO DE BITÁCORA

12. Repasamos o léxico: recordas o vocabulário que aprendiches nesta unidade?

COMIDAS

.....

.....

.....

.....

.....

verduras

.....

.....

.....

.....

.....

froitas

.....

.....

.....

.....

bebidas

.....

.....

.....

.....

peixes

.....

.....

.....

.....

carnes

.....

.....

.....

.....

ROUPA

.....

.....

.....

.....

calzado

.....

.....

.....

.....

roupa informal

.....

.....

.....

.....

complementos

.....

.....

.....

.....

roupa formal

.....

.....

.....

.....

